



Xornalistas Galegas recompila exemplos do tratamento mediático das picadas a mulleres para reivindicar un 25N contra todas as formas de violencia machista

Co gallo do Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres, o colectivo remite o traballo de análise realizado á Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta e solicita o seu apoio na reivindicación dos departamentos de xénero nos medios

A asociación reenvía aos medios a súa guía rápida para o tratamento das agresións de xénero a fin de contribuir ás ferramentas formativas a disposición das redaccións

Santiago, 25 de novembro de 2022. A asociación Xornalistas Galegas, formada por mulleres profesionais de todos os ámbitos da comunicación comprometidas cun xornalismo feminista, publica hoxe nas súas redes sociais unha **análise do tratamento mediático das picadas a mulleres a raíz dos casos de submisión química**. As contas de Twitter de @asxornalistas e Facebook, Xornalistas Galegas, recollen unha compilación de exemplos do seguimento destas informacións centrada na prensa galega, sinalando exemplos de boas e malas prácticas informativas dende o punto de vista do tratamento especializado da violencia de machista.

Con motivo do Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres, a asociación subliña a necesidade de combater todas as formas de violencia machista, logo de ter reparado na reiteración das carencias habituais no tratamento da violencia de xénero tamén nas informacións centradas nesta nova forma de agresión ás mulleres. Baixo o cancelo **#25NcontraTodasAsViolencias**, Xornalistas Galegas alerta de novo da necesidade de aplicar a perspectiva de xénero de xeito transversal nos medios de comunicación e dun tratamento especializado da violencia machista.

Para isto, a asociación contribúe neste 25 de Novembro, coa achega dunha nova edición da **guía rápida de tratamento mediático da violencia de xénero** elaborado polo colectivo, ás redaccións dos medios. Ademais, na páxina web <https://xornalistasgalegas.org/documentate/> está dispoñible para consulta aberta unha compilacións doutros manuais neste sentido.

Finalmente, Xornalistas Galegas inclúe entre as súas accións reivindicativas deste 25N un **escrito remitido á Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia** no que se lle traslada a análise realizada do tratamento mediático das picadas a mulleres como mostra das carencias existentes nos medios de comunicación ao respecto da información sobre violencia machista. Cunha nova proba máis, a asociación reclama á Secretaría Xeral de Igualdade que encabeza Susana López Abella, o seu apoio expreso á reivindicación dos departamentos de xénero nos

medios, así como a colaboración nas propostas profesionais e laborais que defende o colectivo.

(Achégase guía de tratamento da violencia de xénero elaborada por Xornalistas Galegas).

Saúdos.

Xornalistas Galegas

Para máis información:

Email: xornalistasgalegas@gmail.com

[Manifesto – Por un Xornalismo Feminista](#)

WEB xornalistasgalegas.org

TWITTER [@asxornalistas](#)

FACEBOOK [Xornalistas Galegas.](#)